

FRAGA PRESENTA AS SÚAS MEMORIAS EN VILALBA



Fraga e Albor, no acto de presentación

- Estivo acompañado do primeiro presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, e o ex presidente do Parlamento de Galicia, Xosé María García Leira.

O ex presidente da Xunta e actual senador, Manuel Fraga Iribarne, presentou na Casa da Cultura da súa vila natal, Vilalba, o seu derradeiro tomo de memorias, titulado *Final en Fisterra* e editado por Alvarellos. O acto reuniu a máis de cen veciños e amigos do político que quixeron achegarse a el nesta data e pedirlle que lles asinase un exemplar deste volume de máis de catrocentas páxinas no que percorre os dezaseis anos nos que estivo á fronte do goberno de Galicia.

Fraga estivo acompañado polo primeiro presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor; o ex presidente do Parlamento de Galicia e ex alcalde de Vilalba, Xosé María García Leira; o actual alcalde de Vilalba, Xerardo Criado Guizán e o editor Henrique Alvarellos Casas.

Albor definiu a Manuel Fraga como “a gran figura política española da segunda metade do século XX, comparable a Cánovas” e afirmou ademais que “poucos fixeron tanto pola democracia coma el”.

García Leira, que definiu *Final en Fisterra* como un “verdadero estudio político” destacou que Fraga viña de doar toda a súa biblioteca persoal e arquivo á



alvarelos

EDITORA

Fundación que levará o seu nome e que abrirá na súa casa natal de Vilalba: “Contará –dixo– coa mellor biblioteca privada de España sobre temas políticos, fundamental para entender a nosa historia recente”.

Finalmente o propio Manuel Fraga subliñou que “neste último volume de memorias conto a miña experiencia de dezaseis anos en Galicia” e resumiu en tres os logros que el considera principais da súa etapa á fronte da Xunta: “comunicacións, educación e saúde, que viviron melloras fundamentais durante eses anos”.



Asistentes na Casa da Cultura de Vilalba



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarelos.info
Tel: 609 90 88 52